



### CIRCULAR COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS

Dende o curso 19-20 que comezamos a implantación do uso do uniforme no centro mantemos os seguintes modelos que seguirán tamén o próximo curso. Os alumnos de 1º de Educación Secundaria comezan esta etapa co uniforme.

#### **Alumnas:**

Saia de cadros ou pantalón gris, polo branco manga curta ou larga, xersei azul mariño.

**Os zapatos, medias o calcetín e a prenda de abrigo o chubasqueiro** serán de cor azul mariño coa forma e modelos que cada familia decida.

#### **Alumnos:**

Pantalón gris, polo branco manga curta ou larga, xersei azul mariño, con zapatos e calcetín azul mariño.

**Os zapatos e a prenda de abrigo o chubasqueiro** para ambos modelos, serán de cor azul mariño coa forma e modelos que cada familia decida.

Os alumnos de Ed. Infantil seguirán usando o chándal como ata o de agora.

Co uniforme non está permitido o uso da camiseta deportiva do chándal.

#### **O modelo do chándal será común para todos os alumnos.**

Pantalón e chaqueta e camiseta deportiva modelos do colexio ou camiseta do curso pasado do aniversario do centro.

**O calzado deportivo cor branco.**

**A prenda de abrigo ou chubasqueiro** para todos os alumnos, será de cor azul mariño coa forma e modelos que cada familia decida.

Os días de choiva, as botas de auga serán de cor azul mariño ao igual que o resto do calzado do uniforme

### **NORMATIVA REGULADORA DO USO DO UNIFORME**

DECRETO , do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. ( DOGA de 27 de xaneiro de 2015)

#### **Art. 19: Normas de Convivencia**

1.As normas de convivencia, que serán elaboradas polos centros docentes, terán como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.



## CPR Plurilingüe Sagrada Familia

2. En particular, as normas de convivencia de cada centro docente concretarán os dereitos e deberes do alumnado, establecerán as condutas contrarias á convivencia e as correccións que lle correspondan polo seu incumprimento, de acordo co previsto na Lei 4/2011 e neste decreto.

3. Poderán incluír previsións sobre a vestimenta do alumnado no centro docente ou a maneira de presentarse neste, orientadas a garantir que non atenten contra a súa dignidade, non supoñan unha discriminación por razón de sexo ou risco para a súa saúde ou integridade persoal, e a dos demais membros da comunidade educativa, ou non impidan ou dificulten a normal participación do alumnado nas actividades educativas.

### **Orientacións Consello Escolar de Galicia:**

Todos os uniformes deben ofrecer ás alumnas o uso do pantalón. Debe crearse en cada centro un banco de uniformes.

O pasado mes de xuño, ofreceuse as familias que reciben a beca de material escolar e a súa renda considérase baixa segundo os parámetros marcados pola Consellería de Educación, a posibilidade de solicitar prendas do banco do chándal. Ata agora non temos fondos de prendas do uniforme dispoñibles.

### **Normativa do cumprimento no uso do uniforme**

1. Na primeira vez que o alumnado non vista correctamente o uniforme avisarase de forma oral aos alumnos ou cando sexa oportuno a súa familia de forma particular.
2. Na segunda vez: aviso as familias a través de CIFRA.
3. Ante reiteración de incumprimento das normas de uso do uniforme enviarase ao alumnado a recepción para que a familia traia a prenda que necesite para completar o uso correcto do uniforme .